



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baio - O Pino  
32001 OURENSE



Comunicado nº 186/17  
13 de setembro de 2017

## “ANTEPROXECTO” COPA PROPULSIÓN CARCROSS 2018

### CAMPIONATO DE GALICIA DE MONTAÑA





**Artigo 1.- ORGANIZACIÓN:**

A Federación Galega de Automobilismo, organiza para o ano 2018 a COPA PROPULSIÓN CARCROSS 2018 para vehículos carcross de 600 c.c. propulsión traseira.

O presente regulamento complementarase co Anuario de Galicia 2018, da Federación Galega de Automobilismo, nos apartados que non figuren neste documento.

**Artigo 2.- PARTICIPANTES:**

A) Poderán participar tódolos pilotos que estean en posesión das licencias conforme ó Anexo I do Anuario 2018 e participen nas probas puntuables na tempada 2018 do Campionato de Galicia de Montaña.

B) A Federación Galega de Automobilismo resérvase o dereito a rexeitar calquera inscrición á COPA PROPULSIÓN CARCROSS 2018 sen ter que xustificalo, previo informe interno da Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo.

**Artigo 3.- VEHICULOS ADMITIDOS:**

A COPA PROPULSIÓN CARCROSS 2018 está reservada exclusivamente a tódolos vehículos de propulsión traseira para vehículos carcross de 600 c.c., que estean en posesión do pasaporte administrativo expedido pola Federación Galega de Automobilismo, para a tempada 2018, e téñense que inscribir na Agrupación 6.

**Artigo 4.- INSCRICIÓN:**

**INSCRICIÓN:** Unha vez aceptada a inscrición, previa solicitude do pasaporte administrativo, na COPA PROPULSIÓN CARCROSS 2018 o participante estará oficialmente inscrito neste.

Tódolos interesados en inscribirse na COPA PROPULSIÓN CARCROSS 2018 terán que facelo enviando a folla de inscrición en formulario "online" sita na [www.fga.es](http://www.fga.es), igual que a que figura ó final deste regulamento indicando o número de pasaporte administrativo.

**FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**

Ctra. de Vigo 43, Baixo, O Pino - 32001 Ourense. • Fax: 988-271461

nun prazo non inferior a 10 días hábiles antes da celebración da primeira proba na que se desexe participar. Non se aceptará ningunha inscrición incompleta, podendo chamar telefonicamente (Consulta) o Departamento das Fórmulas de Promoción para a confirmación da correcta inscrición.

**Artigo 5.- PROBAS:**

Para a COPA PROPULSIÓN CARCROSS 2018, serán validas as probas de Montaña puntuables para os Campionatos Autonómicos de Galicia, debidamente aprobados pola Federación Galega de Automobilismo.

MONTAÑA			2018
DATA	PROBA	ESCUDEIRÍA	COEF.
5/6-05-2018	11ª SUBIDA A STA. Mª. DE OIA	BAIXO MIÑO	---
2/3-06-2018	7ª SUBIDA A PONTENOVA	A PONTENOVA	---
23/24-06-2018	21ª SUBIDA A PONTEVEDRA-ALMOFREI	CIDADE DE PONTEVEDRA	---
14/15-07-2018	45ª SUBIDA A CHANTADA	CHANTADA	---
11/12-08-2018	3ª SUBIDA A PONTECALDELAS	BUXA MOTOR POIO	---
25/26-08-2018	2ª SUBIDA CERDEDO-COTOBADE	CIDADE DE PONTEVEDRA	---
15/16-09-2018	19ª SUBIDA A ESCUSA	BUXA MOTOR POIO	---
13/14-10-2018	22ª SUBIDA A ESTRADA	ESTRADENSE	---

\* E as que se soliciten na Asemblea de datas e confección do calendario definitivo.

### Artigo 6.- PREMIOS:

A) En cada unha das probas puntuables para a COPA PROPULSIÓN CARCROSS 2018 outorgaranse os premios segundo a seguinte táboa:

NON CARROZADOS			
ORD	COEFICIENTE 6	COEFICIENTE 7	COEFICIENTE 8
1º	650 € Trofeo e Coroa de Loureiro	800 € Trofeo e Coroa de Loureiro	900 € Trofeo e Coroa de Loureiro
2º	450 € Trofeo	600 € Trofeo	700 € Trofeo
3º	350 € Trofeo	400 € Trofeo	500 € Trofeo
4º	175 € Trofeo	215 € Trofeo	305 € Trofeo
<b>Total</b>	<b>1.625 €</b>	<b>2.015 €</b>	<b>2.405 €</b>

AGRUPACIÓN 6			
Ag. 6	1º 150 € Trofeo	1º 170 € Trofeo	1º 190 € Trofeo
	2º 100 €	2º 100 €	2º 100 €
<b>Total</b>	<b>250 €</b>	<b>270 €</b>	<b>290 €</b>

### Artigo 7.- 1ª COPA YACAR RACING 2018:

Dentro do Campionato crease a 1ª Copa Yacar Racing, para os vehículos participantes fabricados pola empresa Yacar, cos seguintes premios por proba:

- 1º 150 €
- 2º 100 €
- 3º 50 €

Tódolos premios deste apartado son concedidos pola F.G.A., e YACAR RACING, e están afectados, no seu caso, pola retención vixente aplicada polo Ministerio de Facenda a conta do IRPF.

### Artigo 8.- PREMIOS FINAIS:

Os premios en metálico serán abonados pola Secretaría da Federación Galega de Automobilismo.

PREMIOS FINAIS A ENTREGAR NA GALA DE ENTREGA DE PREMIOS 2018:

Premios finais CARCROSS (PILOTOS): 1º Trofeo de Bronce FGA 2º Trofeo de Bronce FGA	Premios finais CARCROSS (PILOTOS): <b>1ª Copa Yacar Racing</b> 1º Trofeo de Bronce FGA 2º Trofeo de Bronce FGA
--	---

### Artigo 9.- PUNTUACIÓNS PARA A 1ª COPA YACAR RACING 2018.-

En cada proba acadaranse os seguintes puntos, segundo a clasificación exclusiva para os vehículos de carcoss, propulsión traseira, nas probas de Montaña, exclusivamente para a 1ª Copa Yacar Racing:

Si saén ata 5 vehículos "A"	Si saén de 6 a 10 vehículos "B"	Si saén máis de 10 vehículos "C"
1º 5 puntos	1º 8 puntos	1º 10 puntos
2º 2 puntos	2º 3 puntos	2º 4 puntos
3º 1 punto	3º 2 puntos	3º 3 puntos
	4º 1 punto	4º 2 puntos
		5º 1 punto



Os puntos P acadados na proba obteranse pola seguinte formula:  $P = K * C$ , sendo (K) o coeficiente da proba multiplicado por (C) os puntos obtidos nas clasificacións da 1ª COPA YACAR RACING 2018. A clasificación final 1ª COPA YACAR RACING 2018 será establecida entre aqueles pilotos que participasen nun número de probas igual a metade máis unha das probas celebradas. Para a clasificación final sumaranse as puntuacións acadadas en tódalas probas celebradas.

#### **Artigo 10.- IMPOSICIÓNS TÉCNICAS.-**

A altura máxima do chasis, de tódolos carcross participantes nas probas dos Campionatos de Galicia de Montaña, será dun máximo de 10 cms., en plano e ambos eixes (dianteiro e traseiro). A estrutura metálica ten que estar ó cuberto por superficies deformables, pvc ou plásticos industriais, así como a instalación dun parabrisas dianteiro laminado ou de policarbonato dun espesor mínimo de 5mm. Está prohibida a instalación de metacrilatos ou plásticos non homologados. Si se instalan ventanillas laterais de policarbonato terán un espesor mínimo de 3 mm.

#### **Artigo 9.- PNEUMÁTICOS.-**

Tódolos vehículos deberán montar pneumáticos para asfalto "Goldspeed devil ou Maxxis Spearz" en medidas para o eixe dianteiro (165/70-10) e no eixe traseiro (225/40-10). Os pneumáticos pódense mercar en calquera distribuidor, non están permitidos os pneumáticos de tacos. O uso de faldillas nas rodas é obrigatorio (dianteiras e traseiras) e será causa de denegación a participación.

#### **Artigo 10.- EQUIPO DE EXTINCIÓN.-**

Tódolos carcross participantes terán que levar instalado, a man do piloto, un extintor "MANGIAFUOCO", de 100 segundos de actuación, ou dun equipo de extinción do Grupo "A" según a normativa F.I.A.

#### **Artigo 11.- PONTÓNS.-**

Estase a estudar pola Comisión Técnica, con aportación de ideas de dous constructores, a instalación de pontóns laterais que aumentarían a seguridade e ampliarán ás zonas de publicidade, números, etc. e a regulamentación publicarase no proxecto definitivo con gráficos e fotos.

#### **Artigo 12.- COMISARIO DE SEGUIMIENTO.-**

O Comité organizador nomeará a unha persoa, a cal estará debidamente acreditada e identificada, para facer o seguimento da publicidade, e todo o concernente o bo desenrolo da Copa.

#### **Artigo 13.- CLASIFICACIÓNS.-**

A clasificación que se publica como xeral-scratch estarán incluídos os vehículos de carcross e optan os premios e trofeos da clasificación específica de non carrozados, así como na publicación de xeral scratch.

#### **Artigo 14.- LUGAR DE SAÍDA NAS PROBAS.-**

Os vehículos de carcross sairán, en tódalas probas de montaña, de seguido e despois dos fórmulas, barquetas, e CM, categoría na que iran englobados a tódolos efectos (clasificacións, trofeos e premios).

## **COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DAS FÓRMULAS DE PROMOCIÓN**